



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza demándalle ao Goberno Municipal que lle pague de inmediato os 20.000 euros que lle debe á concesionaria da Escola de Música

As facturas pendentes de pago corresponden ao último trimestre de 2016 e aos meses de marzo e abril de 2017. Son impagos de 4000 € mensuais que supoñen a asfixia económica para a empresa que presta o servizo.

Cuntis, 6 de maio de 2017. **O Concello de Cuntis adebédalle 20.000 euros á empresa concesionaria da Escola de Música.** Ese importe corresponde aos meses de outubro, novembro e decembro de 2016 e aos de marzo e abril de 2017. Segundo se pode constatar no Rexistro Municipal, a empresa en cuestión atendeu o requerimento que a administración local fixo a finais do ano pasado a fin de solventar un problema xerado polo cambio de normativa legal que afectou ás sociedades civís. Malia a empresa concesionaria ter presentado a documentación solicitada, o Concello de Cuntis mantén sen aboar as facturas correspondentes ao último trimestre de 2016 e acumula xa retraso nas de 2017, estando pendentes de pago as de marzo e abril.

Falamos de impagos de 4000 € mensuais, que afoğan economicamente a unha empresa pequena e que incluso poden provocar atrasos nas nóminas dos/das traballadores/as, neste caso os mestres da escola. **Veciñanza esíxelle ao Goberno Municipal que proceda de inmediato a liquidar as débedas pendentes, xa que o servizo prestouse como corresponde ao contrato.**

Este Goberno segue a amosar ben pouca sensibilidade no referido á Escola de Música, xa que ademais deste feito, mantén sen aproveitar as instalacións da Portela, equipadas para este fin, mentres as clases se desenvolven no Centro Sociocultural Patelas. As carencias deste local son múltiples e as dificultades para desenvolver como corresponde as tarefas propias das clases de música foron expostas en varias ocasións. Ademais de desaproveitar unhas instalacións óptimas (as de Portela) para a prestación do servizo da Escola de Música, estase a desaproveitar o investimento realizado no seu día, como así demostra o feito de que unha das demandas veciñais que se presentaron recentemente ao Concello é a reparación do tellado da Escola da Portela.





veciñanza

nota de prensa

Veciñanza agarda que se proceda o pagamento desta débeda o antes posible e que non se volvan producir atrasos deste tipo que poidan afectar á prestación do propio servizo, especialmente tendo en conta que os/as usuarios/as son nenos e nenas en fase de formación. Do mesmo xeito **esperamos que o Goberno Municipal asuma o antes posible a situación da escola da Portela e a acondicione para darlle un aproveitamento que faga bo o investimento realizado no seu momento.**

